

CONVOCATORIA PARA O ANO 2025 DO PROGRAMA DE ACELERACIÓN PARA A INTERNACIONALIZACIÓN DE PEMES: GALICIA AVANZA

1. CONTEXTO DO PROGRAMA

A internacionalización é sempre una tarefa de alto esforzo, e cando se trata de produtos e servizos innovadores aínda é máis complexo. Moitas veces as pemes innovadoras carecen dos recursos suficientes para superar as barreiras de entrada nos mercados exteriores e posicionar os seus produtos e servizos. Existe por tanto, a necesidade de acompañar a transformación da I+D en negocios potencialmente internacionais, como un valor crítico a superar especialmente por parte das empresas innovadoras.

Neste contexto a Xunta de Galicia en colaboración co Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A. (Tecnópole) deseñaron o Programa de Aceleración para a Internacionalización de PEMES galegas, Programa GALICIA AVANZA.

O Programa xa acumula 4 convocatorias e ven avalado pola extensa experiencia en metodoloxías de aceleración da comercialización de produtos e servizos innovadores e polo profundo coñecemento materia de internacionalización de empresas das entidades promotoras.

GALICIA AVANZA é un programa que da resposta á necesidade de impulsar a mellora competitiva das pemes galegas no exterior, mediante o apoio á innovación, a mellora da xestión, axudándolles deste xeito a afrontar os retos da actual conxuntura, así como a sentar unhas bases sólidas para o desenvolvemento competitivo futuro nun contexto de globalización.

2. OBXECTIVO DO PROGRAMA

GALICIA AVANZA é un programa de aceleración especializado na comercialización internacional da innovación, que, aproveitando a oportunidade da actual demanda social e industrial, **persegue que solucións innovadoras galegas, dispoñibles ou moi próximas ao mercado, alcancen a presenza e/ou o fortalecemento no mercado exterior no menor tempo posible.**

O obxectivo de GALICIA AVANZA é en definitiva impulsar a internacionalización das pemes innovadoras de calquera tipo de ámbito ou sector que necesiten unha panca para a validación o posicionamento e o fortalecemento da súa competitividade en mercados exteriores, achegando así o tecido empresarial galego ao mercado global.

Coa participación no Programa, aspírase a que as empresas beneficiarias consigan:

- **Validar a viabilidade** da saída ao mercado internacional das súas solucións innovadoras.
- **Impulsar a comercialización** destas solucións no mercado exterior reducindo os tempos da súa dispoñibilidade en condicións axeitadas.
- **Reforzar a consolidación** destas solucións no mercado internacional, e cunha visión de crecemento escalable e sostible a medio prazo.

- **Fortalecer a súa estratexia de internacionalización**, e incrementar de xeito xeral a súa **capacidade de adaptación** aos novos mercados baseando o seu modelo de negocio no desenvolvemento e na innovación.
- **Incrementar a atracción de financiamento externo**, maximizando a captación de fondos públicos ou privados.

A través do fortalecemento e mellora de aspectos, no contexto da internacionalización, como poden ser os seguintes:

- ✓ Avanzar na senda da innovación.
- ✓ Mellorar a competitividade en mercados exteriores.
- ✓ Mellorar a eficiencia dos seus procesos de internacionalización.
- ✓ Aumentar a cota de mercado cara a mercados internacionais.
- ✓ Acceder a novos segmentos de clientes internacionais ou afianzar os existentes.
- ✓ Protexer internacionalmente as súas marcas e deseños industriais/intelectuais.
- ✓ Incrementar a atracción de financiamento externo, maximizando a captación de fondos públicos ou privados.
- ✓ Detectar posibles colaboracións con outras empresas.

3. EMPRESAS BENEFICIARIAS

Serán beneficiarias desta segunda convocatoria do Programa Galicia Avanza **ata un máximo de 30 PEMES galegas** innovadoras e/ou de base tecnolóxica pertencentes a calquera sector que cumpran os seguintes requisitos:

- Ter a condición de PEME; Segundo o Anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014, consideraranse PEMES as empresas que ocupan a menos de 250 persoas e o seu volume de negocio anual non excede de 50 millóns de euros ou o seu balance xeral non excede de 43 millóns de euros. Dentro das PEMES, considerarase pequena empresa aquela que ocupa a menos de 50 persoas e o seu volume de negocio anual ou balance xeral anual non supera os 10 millóns de euros. Para o cálculo destes efectivos deberán contemplarse as indicacións incluídas nos artigos 3, 4, 5 e 6 do citado Anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014.
- Ter o domicilio social ou algún centro de actividade na Comunidade Autónoma de Galicia.

- Contar cun produto ou servizo innovador desenvolvido con implantación efectiva ou moi próxima ao Mercado (nivel de madurez tecnolóxica TRL8 ou TRL9¹) e que conte con potencial de desenvolvemento a nivel internacional.
- Ter presenza activa no mercado nacional (mínimo 2 anos)
- Ter facturación nos anos 2023 e 2024 no mercado nacional e/ou internacional.
- No caso de ter sido beneficiaria nalgunha das convocatorias de Galicia Avanza só se admitirán propostas de internacionalización de produtos e servizos diferentes aos presentados anteriormente ou ben os mesmos pero dirixidos a mercados internacionais que difiran significativamente nas súas formas de entrada e comercialización.
- Non encontrarse incurso en ningunha das prohibicións ás que fai referencia o artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Cumprir a norma de minimis segundo o disposto nos [Regulamentos \(UE\) 2023/2831 e 2832 da Comisión do 13 de decembro de 2024](#), relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis, en virtude do que o importe total das axudas de minimis concedidas por un Estado membro a unha única empresa non excederá de 300.000 euros durante calquera período de tres exercicios fiscais.
- Só se admitirá unha beneficiaria no caso de pemes vinculadas ou asociadas entre si e/ou pertencentes ao mesmo grupo empresarial segundo o establecido no [Anexo I do Regulamento \(UE\) nº 651/2014](#)

A selección das 30 empresas beneficiaras farase de acordo á puntuación acadada segundo os criterios de valoración establecidos no punto 6.

4. CONTIDO E DURACIÓN DO PROGRAMA

O Programa consiste na aplicación dunha metodoloxía de aceleración de carácter práctico baseada en 4 áreas de traballo coa empresa beneficiaria:

4.1 Itinerarios personalizados

4.1.1 Diagnóstico e deseño de itinerarios

Titores expertos coñecedores do desenvolvemento de negocios e a internacionalización de produtos e servizos, realizarán ás empresas beneficiarias diagnósticos internos para detectar puntos de mellora concretos na situación da empresa e dos seus produtos ou servizos respecto á súa situación de saída ou permanencia en mercados exteriores.

¹ TRL 8: Sistema completo e certificado a través de probas e demostracións. TRL 9: Sistema probado con éxito en contorna real.

A partir desta información deseñarán "Itinerarios personalizados" á medida de cada beneficiaria para avanzar na cobertura das necesidades reais detectadas nos diagnósticos para cubrir a curto prazo e con maior efectividade.

Estes itinerarios poderán contemplar accións nun ou varios dos seguintes campos:

- **PROSPECCIÓN DE MERCADO E COMPETENCIA.** Estudo de novos mercados internacionais obxectivo, da demanda potencial e da competencia. Reforzo da consolidación en mercados existentes grazas ao seu coñecemento.
- **ESTRATEGIA DE MARKETING** orientada ao mercado internacional obxectivo e que facilite o acceso. Adaptación das estratexias existentes ou xeración dunha estratexia de marketing global.
- **ADAPTACIÓN DE PRODUTOS/SERVIZOS** (novos ou existentes) aos novos mercados internacionais obxectivo ou a novos públicos dentro de mercados coñecidos.
- **MARCAS E CERTIFICACIÓNS.** Deseño e rexistro de marcas comerciais e deseños industriais a nivel internacional, presentación da solicitude de rexistro na Oficina de Propiedade intelectual da Unión Europea (EUIPO). Homologacións e mercado CE.
- **ESTRATEGIA DE ACCESO AO MERCADO.** Desenvolvemento e apertura de novas canles de acceso ao mercado internacional obxectivo directos ou a través de distribución internacional. Accións orientadas a axendar reunións ou accións de prefeiras.
- **ADAPTACIÓN DOUTRAS ÁREAS EMPRESARIAIS.** Relación de intercambio da actividade de comercialización exterior do produto ou servizo con outras áreas da empresa: produción, loxística, financeira (marxes de venda), compras (provedores), loxística.

Ao tratarse dunha metodoloxía adaptada ás necesidades das empresas participantes o número de sesións de traballo cos titores determinaranse unha vez seleccionadas as empresas.

4.1.2 Implementación de itinerarios a través de servizos profesionais

Unha vez definidos os itinerarios personalizados, os mesmos titores apoiarán ás empresas beneficiarias na identificación de provedores nacionais de servizos profesionais externos² que cubran total ou parcialmente as necesidades detectadas nos diagnósticos e que non poidan financiarse de xeito directo a través dalgún programa vixente de axudas do IGAPE³

O Programa GALICIA AVANZA contempla unha cantidade económica para destinar á contratación destes servizos, polo que a selección e a contratación final dos provedores propostos será levada a cabo directamente polos promotores do Programa.

² En ningún caso un servizo poderá ser contratado a unha empresa vinculada á empresa beneficiaria destinataria do mesmo.

³ En calquera caso o financiamento de calquera actuación dentro dos itinerarios será valorado pola Comisión de Seguemento do Programa, quen terá a última decisión.

O equipo promotor do Programa fará o seguimento e control da execución dos servizos contratados, asegurando a consecución do alcance dos obxectivos definidos nos itinerarios de cada empresa beneficiaria.

4.2 Mentorización

Durante o transcurso do Programa e en paralelo á implementación dos itinerarios as empresas poderán acceder a unha carteira de mentores expertos en diferentes materias para recibir asesoramento específico nalguna cuestión relacionada coas necesidades xerais detectadas polos titores para afianzar o seu proceso de internacionalización.

4.3 Formación transversal e capacitación

Ao longo do Programa organizaranse un mínimo de 6 actividades formativas programadas (virtuais ou presenciais) atendendo a temáticas relacionadas co obxecto do Programa e en base ás necesidades transversais detectadas nos diagnósticos.

4.4 Visibilización e evento final

As empresas beneficiarias contarán cun impulso na súa visibilización en medios e redes sociais como participantes ao longo de todo o Programa e ao final do proceso celebrarase un evento no contexto da internacionalización da innovación en Galicia no que serán as protagonistas e poderán presentar os seus produtos e servizos.

A duración das actuacións asociadas ao Programa será de aproximadamente 8 meses efectivos⁴ que se distribuirá de forma previsible en 2 meses para os diagnósticos e a definición dos itinerarios personalizados e 6 meses efectivos para a súa implementación operativa. As actuacións formativas e as mentorizacións faranse ao longo deses 8 meses.

A participación no Programa require a implicación directa dos/as persoas responsables das pemes beneficiarias o dos seu departamentos de internacionalización, polo que deberase garantir unha dedicación mínima en todo o proceso sendo obrigatorio participar en todas as actividades previstas.

5. SELECCIÓN DAS EMPRESAS BENEFICIARIAS

Os procesos de avaliación e selección das empresas beneficiarias serán realizados por un Comité Técnico que contará con representantes do Parque Tecnolóxico de Galicia S.A. e, a petición deste, co apoio do Instituto Galego de Promoción Económica, podendo participar tamén expertos de carácter externo.

As solicitudes presentadas serán avaliadas baseándose na aplicación dos criterios de valoración establecidos no apartado 6 da presente convocatoria.

⁴ sen contar agosto nin decembro, se fora o caso

Para considerar a participación dunha empresa no Programa, esta deberá obter unha puntuación mínima de 50 puntos.

As 30 empresas que alcancen as mellores puntuacións serán as empresas seleccionadas e admitidas no Programa.

6. CRITERIOS DE VALORACIÓN

As solicitudes recibidas para a participación no Programa serán avaliadas en base aos seguintes criterios e puntuacións.

a. Perfil da empresa (máximo 6 puntos)

Valorarase contar cun cadro de persoal con entre o 40% e o 60% de mulleres (2 puntos) e contar cun cadro de persoal con máis do 60% de mulleres (4 puntos).

b. Potencial de internacionalización ou capacidade de reforzo competitivo no mercado exterior dos produtos ou servizos da empresa que van ser o obxecto da participación no Programa GALICIA AVANZA (máximo 20 puntos)

Valorarase a especificación concreta do produto ou servizo (ou familias de produtos ou servizos) a internacionalizar (ata 5 puntos) e a xustificación da necesidade da apertura aos novos mercados ou reforzo nos xa presentes (ata 5 puntos). Será valorado tamén o grao de madurez dos produtos ou servizos propostos para a súa comercialización no mercado exterior (ata 10 puntos).

c. Grao de innovación (máximo 15 puntos)

Será valorado o grao de innovación competitiva dos servizos e produtos a internacionalizar en comparación con solucións existentes nos mercados obxectivo (ata 10 puntos). Terase en conta o carácter innovador dos procesos internos e externos da empresa asociados ao produto ou servizo a internacionalizar (producción, *packaging*, lanzamento, imaxe, etc.) (ata 3 puntos). Terase en conta tamén os proxectos realizados de I+D+i (ata 2 puntos) podéndose solicitar acreditación da realización dos mesmos mediante resolución de concesión.

d. Definición e coñecemento previo do/s mercado/s internacionais obxectivo (máximo 15 puntos)

Valorarase a argumentación da elección dos mercados obxectivo en base a investigacións previas, experiencias e a datos concretos. Aínda que durante o proceso de aceleración se poida producir unha reorientación a outros mercado valorarase a exposición do traballo previo feito pola empresa na prospección de mercados e as súas conclusións respecto á súa actual estratexia de internacionalización.

e. Potencial de crecemento no mercado exterior (máximo 6 puntos)

Valorarase principalmente a previsión xustificada de vendas para os próximos dous anos (2025 e 2026) do/s produto/s ou servizo/s proposto/s no mercado ou mercados obxectivo e a repercusión destas vendas no crecemento xeral da empresa (ata 4 puntos). Terase en conta tamén a previsión do incremento de emprego con referencia ao valor ao inicio do Programa motivado directa ou indirectamente polo acceso ao mercado exterior (ata 2 puntos).

f. Capacidade da empresa (máximo 10 puntos)

Valorarase a capacidade financeira da empresa no contexto da internacionalización (ata 5 puntos). Valorarase ademais os recursos humanos, a experiencia comercial, produtiva e loxística da empresa no contexto da internacionalización tendo en conta a organización interna prevista e os perfís do persoal involucrado no proceso de internacionalización (no caso de ser fabricante de produtos, valorarase tamén neste apartado a capacidade produtiva da empresa para facer fronte aos incrementos da demanda) (ata 5 puntos).

g. Experiencia previa no mercado exterior (máximo 8 puntos)

Valorarase a experiencia real previa da empresa no/s mercado/s obxectivo (xustificada con información sobre vendas, canles, coñecemento competencia, prezos, etc.) e a presenza activa no mercado exterior obxectivo ou noutros mercados internacionais.

h. Non ter sido beneficiaria en anteriores convocatorias de Galicia Avanza (10 puntos)

i. Motivación (máximo 10 puntos)

Valorarase a motivación para a participación no Programa e os principais resultados esperados en termos de crecemento. Teranse en conta os perfís das persoas de Xerencia e Dirección que participarán activamente nas actividades do Programa, sendo necesario achegar tamén o número de participantes, posición na empresa e porcentaxes de dedicación ao Programa. A dedicación indicada será vinculante e o seu cumprimento será comprobado ao longo do Programa podendo haber penalizacións de ser o caso.

Para a valoración será tido en conta os datos facilitados a través do formulario de solicitude e o contido da Memoria segundo o Anexo I.

7. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes de participación á convocatoria 2025 presentaranse vía web, sen necesidade de certificado dixital, a través do formulario accesible desde a web <https://tecnopole.gal/galiciaavanza>

O prazo de solicitudes permanecerá aberto **desde o 25/02/25 ata as 23:59h do 25/03/25**.

O formulario de solicitude de deberá ir acompañado da seguinte documentación:

- Memoria segundo o modelo do Anexo I. Non se valorarán as memorias que non se axusten ao modelo requirido.
- Certificado de situación censual emitido pola Axencia Tributaria no que se encontren actualizados os datos a efectos de comprobación de cumprimento dos requisitos de ser beneficiaria (ter o domicilio social ou algún centro de actividade na Comunidade Autónoma de Galicia e ter presenza activa no mercado nacional un mínimo de 2 anos)

Calquera solicitude recibida fóra do prazo establecido será rexeitada, a condición de que este non sexa ampliado por decisión da entidade responsable.

Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A. poderá solicitar a presentación de documentación adicional para a acreditación de calquera dos datos incluídos no formulario cuberto polas empresas candidatas.

8. RESOLUCIÓN

As solicitudes avaliaranse por orde de presentación e puntuaranse de acordo cos criterios recollidos no apartado 6. Concluída a súa avaliación, procederase a formular a proposta de resolución provisional, que se notificará aos interesados para que expresen a súa aceptación ou renuncia.

A notificación realizarase mediante o envío dun correo electrónico ao enderezo que o solicitante facilitou para estes efectos na solicitude de participación, e esta notificación entenderase practicada, para todos os efectos legais, no momento en que se produza o acceso do solicitante ao seu contido. Entenderase outorgada a aceptación do interesado en ausencia de resposta no prazo de tres días naturais desde a recepción da proposta.

Unha vez seleccionadas as empresas, Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A. solicitará a estas o enchido e envío da documentación que sexa necesaria para acreditar a súa condición de beneficiaria así como a achega de calquera outra información adicional que poida ser necesaria para garantir a veracidade dos datos achegados e xustificar o cumprimento de todos os requisitos recollidos no apartado 3 desta convocatoria.

A non presentación da devandita documentación facultará ao Parque Tecnolóxico de Galicia a excluír a condición de beneficiario, en beneficio doutra candidatura, se é o caso.

A relación definitiva de beneficiarios será publicada na web do Programa <https://tecnopole.gal/galiciaavanza>

9. OBRIGACIÓNS DAS EMPRESAS BENEFICIARIAS

Serán obrigacións das empresas beneficiarias:

- Realizar as actividades previstas no Programa durante toda a duración deste.

- Acudir ás reunións e actividades presenciais e formacións nos emplacementsos e nos horarios que se establezan, cumprindo cos requirimentos de dispoñibilidade e mobilidade que isto implica.
- Asumir os gastos derivados dos desprazamentos e axudas de custo que supón a asistencia ás actividades do Programa.
- Facilitar o contacto dos titores do Programa co persoal da empresa designado para implicarse na súa participación.
- Facilitar a asistencia dos titores do Programa ás instalacións da empresa para a realización das sesións de titorización presenciais que se acorden.
- Atender en tempo e en forma os requirimentos dos provedores para a correcta execución dos servizos
- Facilitar os datos e indicadores de resultados obtidos pola empresa nos dous anos posteriores á participación no programa, co obxecto de avaliar o impacto das actividades realizadas nos resultados da empresa.
- Comunicar a Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A. calquera incidente que poida afectar de maneira grave ao desenvolvemento do proxecto ou actuación.
- Difundir, na páxina web da empresa, a participación no Programa, mediante a publicación dos elementos determinados por Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A.

10. SUBMINISTRO E PROTECCIÓN DE DATOS

As empresas solicitantes comprométense a poñer ao dispor de Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A. tanta documentación da empresa ou actividade empresarial fose necesaria para o obxectivo desta convocatoria, sempre que estea relacionada coa finalidade desta. A súa negativa inustificada facultará a Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A. a excluíla -en calquera momento- desta convocatoria, en beneficio doutra empresa, de ser o caso.

Os datos facilitados polas empresas, referidos a persoas físicas, tanto solicitantes como beneficiarias, serán tratados con suxeición á Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais e ao Regulamento Europeo 2016/679.

En cumprimento da vixente lexislación, Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A. como responsable, informa que a recollida de datos persoais ten como finalidade a realización dunha xestión eficaz das súas actividades, sendo a base xurídica a prestación do servizo. Os datos proporcionados conservaranse mentres se manteña a relación co Programa Galicia Avanza ou durante os anos necesarios para cumprir coas obrigacións legais. Os datos non se cederán a terceiros salvo ao IGAPE para o desenvolvemento de accións dentro do Programa Galicia Avanza e nos casos en que exista unha obrigaón legal. Os afectados poderán exercer os seus dereitos como interesados fronte a Parque Tecnolóxico de Galicia S.A., no seguinte enderezo: Parque Tecnolóxico de Galicia s/n, código postal 32900, San Cibrao das Viñas (Ourense) e correo electrónico tecnopole@tecnopole.gal. Contacto DELEGADO: dpo@tecnopole.gal

Así mesmo, en aplicación do sinalado pola Lei de servizos da sociedade da información e comercio electrónico, do 11 de xullo do 2002 (LSSI), o participante mostrará o seu consentimento expreso a Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A. para que poida nun futuro, proceder a enviarlle á súa conta de correo electrónico comunicacións publicitarias ou promocionais que poidan ser do seu interese. En calquera momento, poderá revogar o consentimento prestado, coa simple notificación da súa vontade mediante envío dun correo

electrónico á conta: tecnopole@tecnopole.gal e a presentar reclamacións ante a AGENCIA ESPAÑOLA DE PROTECCIÓN DE DATOS (AEPD)